

FANTASÍA Animada



Banda Municipal de Santiago

Director: Carlos Seráns

Guía didáctica por Olaia Novo.

ÍNDICE

1. Introducción.	3
2. Contextualización.	4
3. Obxectivos.	4
4. Contidos.....	5
5. Competencias básicas.....	6
6. Metodoloxía.	6
7. Materiais para o mestre/a.	7
8. Actividades.	17
9. Cuestionario.....	21
10. Avaliación.....	22
11. Recursos e Materiais.....	22
12. Bibliografía e webgrafía.	29

1. Introducción.

Os concertos didácticos deberían concebirse como unha práctica cultural que precisa de entusiasmo e convicción por parte de tódolos axentes que a conforman dentro da actividade social e artística da nosa cidade. Requiren compromiso por parte dos artistas, dos receptores e dos que elaboran os materiais didácticos.



Os alumnos aos que vai dirixida esta guía pertencen a dúas etapas chave na educación obrigatoria: educación infantil e primeiro de educación primaria. Unha das principais finalidades deste período é contribuir ao desenvolvemento físico, afectivo, social e intelectual

dos nenos, iniciando o camiño da súa incorporación na cultura.

O material que a continuación se presenta ten como finalidade outorgar unha serie de ferramentas e mecanismos aos docentes para traballar na aula, de maneira vivencial, o que se lles vai ofrecer no concerto.

2. Contextualización.



Este concerto e a guía didáctica que o acompaña van dirixidos a alumnos de educación infantil e primeiro de educación primaria. A idade dos educandos oscila entre os tres e os seis anos aproximadamente. Este programa queda aberto a calquera tipo de adaptación curricular individualizada para axustarse ás características persoais de cada neno/a dentro do grupo - clase. Mais esta tarefa trasládase a cada mestre/a por coñeceren a fondo a realidade da aula na que se vai desenvolver a proposta.

3. Obxectivos.

- ♪ Discriminar e relacionar os diferentes fragmentos seleccionados.
- ♪ Xogar coa produción vocal de escalas pentatónicas.
- ♪ Valorar e recoñecer a atención, escoita e respecto nas interpretacións.
- ♪ Identificar algúns dos instrumentos a traballar.
- ♪ Improvisar movementos e esquemas rítmicos como resposta a diferentes estímulos sonoros.
- ♪ Realizar movementos e xogos motores acompañados de secuencias sonoras.
- ♪ Desenvolver mecanismos de sensibilidade estética para a expresión de ideas, emocións, sentimentos e vivencias.
- ♪ Practicar o compás ternario: pulso e subdivisión.

4. Contidos.

♪ Recoñecemento dos diferentes fragmentos seleccionados extraídos das diferentes BSOs de Disney.

♪ Iniciación ao canto de escalas pentatónicas.

♪ Fomento dunha actitude atenta e silenciosa durante unha audición musical, xa sexa en directo ou non.

♪ Iniciación á identificación de instrumentos.

♪ Improvisación de movementos e esquemas rítmicos.

♪ Realización de dramatizacións e/ ou xogos motores.

♪ Desenvolvemento de mecanismos de sensibilidade artística.

♪ Introducción á práctica do compás ternario: pulso e subdivisión.

5. Competencias básicas.



O Decreto 130/2007 do 28 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (D.O.G) dentro da Lei Orgánica de Educación (2/2006 do 3 de maio) e do marco da proposta realizada pola Unión Europea, establece oito competencias básicas das cales incluiremos as seguintes nesta proposta didáctica:

- ♪ Competencia en comunicación lingüística.
- ♪ Competencia e interacción co mundo físico.
- ♪ Competencia social e cidadá.
- ♪ Competencia cultural e artística.
- ♪ Autonomía e iniciativa persoal.

6. Metodoloxía.

En termos xerais poderíamos afirmar que a metodoloxía educativa que concerne ás etapas ás que vai dirixida a unidade, basearase na experimentación e no xogo dentro dun ambiente de afecto e confianza.

A educación musical debe ser sensorial e pragmática e debe guiarse polos seguintes principios: liberdade e creatividade, progresividade, actividade, carácter lúdico e global con outras áreas artísticas e co desenvolvemento xeral.


A metodoloxía a empregar parte do construtivismo vigotskiano e piagetiano, onde as necesidades educativas e psicolóxicas de cada alumno son as que vertebran o currículo e o ritmo da aula. As clases serán activas, abertas á participación mais tamén se valorará o silencio e a capacidade de escoita e atención durante as exposicións.



7. Materiais para o mestre/a.


ENLACES	
A sereíña	Ariel: 'Parte de él'. Sebastián: 'Bésala'. Sebastián: 'Bajo del mar'
Aladdín	'Un mundo ideal'. 'Noches de Arabia'. 'El rey'. 'Príncipe Alí'. 'Un amigo es lo mejor que puedo hallar'.
A bela e a besta	'Humano otra vez'. 'Bella y bestia son'. 'Qué festin!'. 'Madame Gastón'.
Tarzán	'En mi corazón vivirás'. 'Hijo de hombre'. 'Desbaratando el campamento'. 'Dos mundos'. 'Lo extraño que soy'.
O rei león	'Yo voy a ser rey león'. 'Hakuna matata'. 'El ciclo de la vida'. 'Es la noche del amor'.
Mulán	'Con valor'. 'Esa es mi lección'. 'Dulce y linda flor'.
O príncipe de Exipto	'Si tienes fe'. 'Libéranos' e 'Nana del Río'. 'Las plagas'.



FICHAS




















8. Actividades.

A continuación preséntanse unha serie de actividades que atinxen a diferentes bloques das áreas artísticas . O mestre/a seleccionará cada unha delas adaptándoa ao grupo-clase e ao nivel que corresponda.

♪ *QUE COÑECEMOS?*

Realizaremos un pequeno coloquio a modo de diagnóstico para así saber cales son as películas e cancións que coñecen e cales non. A partires deste momento poderemos seleccionar uns fragmentos ou substituílos por outros en función do grupo-clase.

♪ *OBSERVAMOS.*

Visionado dos fragmentos seleccionados e comentarios dos mesmos: se teñen un carácter triste ou alegre, lento ou rápido, forte ou débil...etc..

♪ *ESCOITAMOS.*

O mestre/a seleccionará a audición que máis se adapte nese intre á aula. Os nenos camiñarán polo espacio da clase mentres a música está sonando e, cando a música pare, deberán realizar unha estatua e non moverse ata que a música continúe.

♪ *COLOREAMOS E RECORTAMOS.*

Repartimos as fichas anteriores para colorear e recortar mentres escoitamos as audicións.

♪ *ADIVIÑAMOS: a que corresponde?*

Unha vez realizada a actividade anterior xogaremos ás adiviñanzas. Seleccionaremos sete fragmentos diferentes de cada audición, e cada neno

deberá identificar cada unha delas cun dos debuxos traballados e terá que pór os debuxos en orden segundo a película á que corresponda.

♪ CANTAMOS.

Para iniciarnos no traballo de escalas pentatónicas colleremos a canción ‘*Esa es mi lección*’ da película *Mulan*. No fragmento orixinal é a pentatónica de reb mais podemos transportala a conveniencia segundo o rexistro do alumnado.

Primeiro traballaremos a pentatónica (ascendente e descendente) con diferentes sílabas que correspondan á organización das vogais. Exemplo:


A: PA-PA-PA-PA-PA

E: TE-TE-TE-TE-TE

I: DI- DI- DI- DI -DI

O: FO-FO-FO-FO-FO

U: LU-LU-LU-LU-LU



Posteriormente, dividiremos a clase en dous grupos: un cantará a escala pentatónica ascendente (‘subindo a escaleira’) e o outro descendente (‘baixando a escaleira’). O mestre/a axudará a través da xesticulación cos brazos para reforzar o concepto de ascendente e descendente. Con isto crearemos un xogo de pregunta-resposta que axudará á comprensión de estruturas.

♪ RODEAMOS!

Coa ficha dos instrumentos identificamos os que saen na canción ‘*Bajo del Mar*’ da película *A sereíña*.

♪ DRAMATIZAMOS!

O mestre/a seleccionará un dos seguintes enlaces elaborando unha dramatización para realizar co grupo, segundo as posibilidades expresivas e motrices:

- 'Hakuna Matata' do *Rei León*.
- 'Hijo de hombre' de *Tarzán*.
- 'Bajo del mar' da *Sereíña*.

♪ OS RITMOS.

Co comezo da canción 'Esa es mi lección' de *Mulán*, traballaremos a seguinte estrutura rítmica:

Tierra, Cielo, Día, Noche
Voz, Silencio, Sombra y Luz

Oito corcheas para o primeiro compás e unha corchea con puntiño e semicorchea, catro corcheas e unha negra para o segundo.

♪ O PULSO.

Traballaremos o pulso coa canción 'Libéranos' de *Mulán* das seguintes maneiras:

- a) Utilizando instrumentos de percusión de altura indeterminada (claves, caixa chinesa...)
- b) A través do corpo e do movemento: ben cunhas pautas determinadas polo mestre/a ou ben realizando improvisacións,

♪ A SUBDIVISIÓN.

Este traballo realizáremolo a través de 'Las Plagas' de *Mulán*. Primeiro co corpo, é dicir, por exemplo imitando as gotas de chuvia que cada vez se van

facendo máis grandes e fortes. Dependendo do grupo e do nivel, podemos introducir instrumentos de altura indeterminada e de carácter seco para practicar a subdivisión.

♪ TEMPO DI VALS.

Iniciámonos no compás ternario co tempo de vals. Imaxinamos que estamos nunha antiga e luxosa corte e colocamos aos nenos/as nun círculo coas mans agarradas. Introduciremos o paso básico primeiro cara a dereita e logo cara a esquerda co tema '**Humano outra vez**' de *A bela e a besta*.

♪ BAILAMOS!

Realizaremos unha breve e simple coreografía deixando un espazo da mesma para a improvisación. Propóñense os seguintes temas: '**Un genio tan genial!**' da película *Aladdín* ou '**Qué festín!**' de *A bela e a besta*.

Os seguintes enlaces que se ofrecen non é pola súa calidade senón que pode servir de referencia para adoptar e simplificar moitos movementos:

Qué Festín!

Un genio tan genial!

♪ RELAXÁMONOS!

Coa '**Nana**' da película *O príncipe de Exipto* realizaremos unha pequena



relaxación ao final dunha sesión. Para isto servirémonos dunha tea azul cun tacto frío e suave para imitar o fluir río.

O mestre/a dará orientacións sobre o tipo de movementos e respiracións a realizar polos alumnos/as adaptándose a cada grupo e, ao mesmo tempo, utilizará a tea para traballar con texturas.

9. Cuestionario.

O cuestionario é orientativo para realizar un traballo de expresión oral na aula elaborando unha especie de posta en común de ideas con turnos para falar e un moderador.

1	Que foi o que máis che gustou do concerto? E o que menos?
2	Cal é a tua película favorita e por que?
3	E a túa canción?
4	Cita tres elementos que te chamasen a atención. Explícaos.
5	Con que personaxe te sintes máis identificado/a?
6	Que instrumentos coñeces dentro da banda?
7	Cal cres que é o papel do director na banda?
8	Que cres que aportou esta experiencia á túa formación?
9	Gustaríache repetir? Por que?

10. Avaliación.

Realizarase unha avaliación inicial valorando os coñecementos previos de cada alumno. Teranse en conta as habilidades e coñecementos que foron adquirindo ao longo do curso e a propia experiencia persoal de cada educando. Serve para detectar intereses, experiencias musicais anteriores e aptitudes musicais pero tamén advirte as diferencias individuais e as relacións grupais.

A avaliación continua e formativa, de carácter procesual, efectuarase mediante a observación sistemática do grupo-clase, valorando o grao de implicación, atención e motivación.

A avaliación final, de carácter criterial, será unha valoración de todo o proceso: os obxectivos acadados, a interiorización de contidos, dificultades no proceso, actitude na aula e no concerto, actitude cara cos compañeiros, nivel de participación nas actividades, realización das tarefas propostas...

11. Recursos e materiais.

- Ordenador.
- Acceso a Internet.
- Teas.
- Proxector.

12. Bibliografía e webgrafía.

- Decreto 130/2007, do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- NEUMAN, V. (2004): Los conciertos didácticos para escolares. *Eufonía*, 32, pp. 17-28.
- PALACIOS, F. (1997): Escuchar. 20 reflexiones sobre música y educación musical. Edicións Fundación orquesta filarmónica de Gran Canaria. Colección Sobre Música. Las Palmas de gran Canaria. pp.43-45.
- PALACIOS, F. e PARRILLA, T. (2000): Organización e Didáctica de Concertos Escolares . As Palmas de Gran Canaria .
- PASCUAL MEJÍA, Pilar (2006): Didáctica de la Música para Educación Infantil. Pearson, Prentice Hall. Madrid.
- VARIOS (2007): Música 3º Ciclo de Primaria. A Coruña. Galinova.
- WILLEMS, E (1981): Las bases psicológicas de la educación musical. Eudeba. Buenos Aires.
- www.youtube.com